



BANDO

DON JOSÉ ANGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL

FAI SABER QUE:

Con motivo da celebración da festividade de San Xoán, e por medio do presente Bando, este Concello lembra á veciñanza as normas para a realización das tradicionais fogueiras de San Xoán.

Presentación de comunicación previa, segundo modelo que figura na páxina web do Concello de Friol, no rexistro xeral do Concello, antes do próximo día **21/06/2023**, ás **14.00** horas, ou na súa sede electrónica <https://friol.sedelectronica.gal>

- Os titulares da finca en que se realicen serán responsables dos danos que poidan ocasionar con motivo da mesma.
- Deberán deixar recollidos os restos unha vez rematada a queima.
- **As fogueiras realizaranse en parcelas privadas** (sen acceso ao público en xeral) polo que non poderán facerse en vías públicas pavimentadas, nin en zonas verdes ou xardíns, lugares próximos a liña eléctrica, inmobles, zoas verdes ou xardíns, liñas eléctricas e naqueles onde poida crearse situacións de perigo.
- As fogueiras terán que gardar unha separación mínima de 12 metros lineais coa vexetación, coas casas e os edificios mais cercanos.
- A súa altura máxima será de 14 metros e o diámetro da zona de combustión non superará os 6 metros de ancho.
- Para a combustión só poderá empregarse leña, ramas, troncos de árbores ou calquera material de madeira. Estará prohibido o uso de materiais inflamables como rodas e cubertas de goma, plástico ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, explosivos, fedorentos ou tóxicos.
- **Deberase deixar apagado o foco antes de marcharse**; en caso de vento non se poderá levar a cabo o prendido da mesma.

O ALCALDE
José Angel Santos Sánchez.

